

Uxío Novoneyra



Parada de Moreda, nos montes do Courel, nos últimos anos do século.

A CASA DE PARADA
A casa de pedra e cal vella.
-solaina e ventanas pra serra-
feita fai cen anos á miña maneira.

Uxío Novoneyra (CE EDOE 2)



Casa de Uxío Novoneyra en Parada de Moreda.

Uxío Novoneyra, naceu, fillo dunha familia de labregos, en Parada de Moreda (O Courel) o 19 de xaneiro de 1930 e finou en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999.

Estudou o Bacharelato en Lugo onde entrou en contacto con intelectuais como Luis Pimentel, Anxel Fole, Celestino Fernández de la Vega ou Ramón Piñeiro.

No 1948 marchou a Madrid onde fixo algún curso de Filosofía e Letras e comezou a escribir poemas en castelán.

Fixo o servizo militar en Santiago canda Manuel María, e no 1952 escribiu os primeiros poemas en galego, lingua que xa non deixaría nunca.

Do 1953 ao 1962 estivo no Courel recobrándose dunha doenza.

En 1962 foi de novo a Madrid onde traballou na radio e na televisión e participou nalgunha das actividades do grupo Brais Pinto.

No 1966 voltou ao Courel.

En 1973 casou con Elba Rei, coa que tivo tres fillos.


Desde 1983 viveu en Santiago.

En outubro de 1999 foi elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que ocupou ata a súa morte.

Novoneyra é un dos poetas máis relevantes da lingua galega cunha obra vangardista e ao tempo de fonda raigame na terra e na xente, co Courel como espazo físico inmediato e Galicia como fondo.



Os poemas de Novoneyra evocan sensacións visuais, táctiles, auditivas e anímicas apoiados nunha cuidada estrutura de gran efecto visual e sonoro.

Dedicáselle o Día das Letras Galegas de 2010.



Obra

- Os eidos (1955), Vigo
- Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas (1974), Vigo Ed. Galaxia
- Poemas caligráficos (1979) Madrid, Ed. Brais Pinto,
- Os Eidos. Libro do Courel (1981), Vigo, Ed. Xerais.
- Muller pra lonxe (1987) Lugo.
- Do Courel a Compostela 1956-1986 (1988) Santiago de Compostela, Ed. Sotelo Blanco
- O cubil de Xabarin (1990) Madrid, Ed. Edelvives
- Tempo de eleixia (1991) Oleiros, Ed. Via Láctea
- Gorgorin e Cabezón (1992) Madrid, Ed. Edelvives.
- Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras (1994) A Coruña, Ed. Espiral Maior
- Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas (1998)
- Dos soños teimosos (1998) Santiago de Compostela Ed. Noitarenga.
- Ilda, o lobo, o corzo e o xabarin (1998) Zaragoza, Ed. Edelvives.
- Arrodeos e desvios do Camiño de Santiago e outras rotas (1999) A Coruña, Hércules Ediciones.



Esta exposición é unha homenaxe a Uxío Novoneyra e á terra que o veu nacer e que lle inspirou algúns dos seus máis fermosos poemas, no ano en que se lle adica o DÍA DAS LETRAS GALEGAS.



O Salnés, primavera de 2010

O Courel

COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home ...

Ver: Páxinas 129-130/131



A **serra do Courel** é o eixo da comarca á que atravesa de NE a SO e no que se atopan as máximas alturas: Formigueiros (1.639 m), Pía Paxaro (1.616 m) e Faro (1.615 m). Ao leste sitúanse as serras dos Cabalos, Cabreiros, Carabido e A Achifeira; ao norte as serras do Rañadoiro e Lóuzara, e ao oeste as do Trapo e Auga Levada.

A comarca do Courel, está situada ao surlleste de Lugo, lindando con León e Ourense, en territorio dos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Pedrafita do Cebreiro.

Ten un **relevo** que responde nas formas á súa composición litolóxica -cumes suaves e rupturas violentas, fortes pendentes, cavorcos, vales estreitos...-

O clima é oceánico de montaña nas zonas altas con matices mediterráneos nas máis baixas.

A situación, a orientación e a composición mineralóxica fan do Courel un lugar dunha **gran diversidade xeolóxica e biolóxica** o que a converte nunha comarca dun **gran interese natural** que acolle importantes **valores xeolóxicos** (vales glaciares, pregamentos, fallas, covas...), **ecolóxicos** (diversidade de ecosistemas entre os que destacan as grandes fragas ou devesas), **etnográficos** (asentamentos humanos e outras construcións) e **histórico-artísticos** (castros, restos romanos, igrejas, castelos, casas...).

A pesar do seu relevo accidentado o Courel foi habitado e **intensamente humanizado** desde a prehistoria como o atestiguan os numerosos restos arqueolóxicos atopados. Na actualidade o uso principal das terras é o agrícola e gandeiro, con algunhas explotacións mineiras.

A poboación do Courel está a sufrir un retroceso continuado. O concello de Folgoso do Courel ten na actualidade 1.300 habitantes (cunha densidade de 8 habitantes por km²)

Unha gran parte do territorio forma parte do **LIC "Os Ancares, O Courel"**.
Numerosas rutas indicadas permiten percorrer os lugares de maior interese.



A **paisaxe está totalmente humanizada**. Os seus habitantes souberon durante séculos tirarlle rendemento ás súas terras e bosques e por todas partes podemos atopar pegadas da súa actividade e da excelente adaptación ás duras condicións ambientais.

Vista de Folgoso do Courel coa serra do Courel ao fondo, na primavera.



O Courel mantén un rico **patrimonio etnográfico** (núcleos de poboación, muíños, ferrerías, sequeiros, pontes, alvarizas...)

Museo etnográfico en Vilar




No Courel están representadas máis de 800 **especies vexetais**, case a metade das que hai en Galicia, entre elas numerosas plantas únicas ou raras: *Rhamnus legionensis*, *Primula bergioides*, *Iris Boissieri*, *Campanula odysseensis*, *Sideritis caureliana*...

Campanula (Campanula odysseensis), especie endémica de Cantabria canábica. En Galicia só aparece ligada de salicaria.



A **fauna** é moi variada, cunha gran diversidade de vertebrados (180 especies, unha das comunidades máis ricas do noroeste ibérico, das que destacan 100 especies de aves e 12 de marcegos) e invertebrados, con algunhas especies de bolboretas raras en Galicia (*Plebejus thesites*, *Parnassius apollo asturiensis*, *Lycaena hippothoe*).

Bolboretas (Plebejus thesites) nunha arca.



Todos os **rios** do Courel verten ao Sil, que discorre polo sur da comarca. Os principais son o Lor, o Quiroga, o Soldán e o Selmo. Corren por vales profundos e encaixados nos que é habitual a presenza de rápidos, pincheiras e pozos.

Piñeira de Rios, nun afluente do Sil.

TERRAS outas e solas!
Serras longas e mouras!

Eu son esta coor de soídá.

Ancares soñados co lonxe!
Penas do Marco de Medio Mundo en ringreira do Candedo ás Moás!
Alto da Lucenza Formigueiros Montouto Pía - Páxaro

tesos cumes do Courel! Pobos probes
ardidos de tristura mouras de queimados!

Lor ruxindo polo val pecho!

Ucedo e ucedo!
Fontiñas outas
penedos
carrozos escuros
fragas agros souts e devesas! Labregos e pastoras
que sóo vistes
istes tesos i estes vales!

Atarula a curuxa e canta o cuco
medindo o tempo quedo que se para no cor e tornándose
contra ún ven cravarse no sitio onde máis se sinte.

(O CURSO DA DOOR)

Uxío Novoneira

Esta exposición é unha homenaxe a Uxío Novoneira e á terra que o veu nacer e que lle inspirou algúns dos seus máis fermosos poemas, no ano en que se lle adica o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS**.

O Salnés, primavera de 2010

